

**CONCELLO DA LARACHA**  
**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE MAIO DO**  
**ANO 2019**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 30 de marzo do ano 2019, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

**PRESIDENTE**

**JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA**

**CONCELLEIROS**

Grupo político municipal P.P.

**JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO**

**JESÚS SOUTO PENA**

**RAMIRO BELLO RECOUSO**

**PATRICIA M<sup>a</sup>. BELLO CANEDO**

**MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY**

**CRISTINA VIEITES CALVO**

**ADELINA LISTE MONELOS**

**ANTONIO FRAGA BOLÓN**

**ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS**

**JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA**

Grupo político municipal B.N.G.

**XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ**

**CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN**

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

**NON ASISTEN**

Grupo político municipal Mixto

**ANTONIO ANTELO AÑÓN**

Non asisten: **ELADIO VERDÍA GARCÍA, JUAN CAAMAÑO REGUEIRA E**  
**ALBERTOFUENTES PREGO**

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o Interventor municipal Manuel Martínez Varela

**Antes do inicio da sesión celébrase un minuto de silencio polas mulleres vítimas de**  
**violencia de xénero**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 30.04.2019**

Non habendo intervencións, enténdense aprobada a acta por unanimidade

**2.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA**

Dase conta dos decretos de alcaldía do 191/2019 DE 20.03.2019 ata o 387/2019 de 27 de maio de 2019. Non hai intervencións

**3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 42.5.2.a)**

**A secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa**

**“A Comisión Informativa de Facenda en sesión celebrada o día 27 de maio de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta:**

**“PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN BASES ORZAMENTO DO EXERCIZO 2019**

VISTO o orzamento do concello de A Laracha para o 2019 aprobado en data 01/02/2019 (BOP nº 23) e as bases de execución que recollen na base 42.5.2 as subvencións nominativas para este exercizo.

Visto que algúns dos beneficiarios comunicaron a este concello o cambio de nome ou que as actuacións subvencionadas ían a ser desenvolvidas por outras asociacións, polo que resulta preciso facer un cambio na base de execución 42.5.2 a/ só no tocante ao nome dalgún dos beneficiarios, sen afectar ao resto:

aplicación orzamentaria		Beneficiario	Novo beneficiario	Obxecto/Finalidade	Subv. 2019
338	48900	Comisión de festas de Lestón	Comisión Festas Paiosaco	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	2.450,00
338	48900	Comisión de festas de Lemaio	Asociación Comisión de festas Santa Mariña de Lemaio	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00
338	48900	Comisión de festas de Vilaño	Asociación Cultural Adro de Vilaño	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	1.750,00
338	48900	Comisión de festas de Torás	Asociación comisión de festas da Laracha	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	8.000,00
338	48900	Comisión de festas de Erboedo	Xunta parroquial Milagres Santa María Erboedo	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00
338	48900	Agrupación deportiva San Julián de Coiro	Asociación de vecinos Santa Rita de Coiro	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00

Visto disposto no art 168 e 169 do RDLex 2/2004 de 5 marzo no tocante ao procedemento de elaboración dos orzamentos, e dado que as bases de execución forman parte do orzamento, elle de aplicación o mesmo procedemento.

VISTO o informe de Intervención favorable á modificación das bases.

VISTO o disposto no art 22 e) da lei 7/1985 de 2 de abril, polo que a competencia para a aprobación do orzamento corresponde ao Pleno da Corporación.

**PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DE A LARACHA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento do concello de A Laracha para o exercizo 2019, en concreto a base 42.5.2 a/ só no tocante aos beneficiarios, de tal xeito que queden redactadas as subvencións nomiantivas seguintes co teor que se cita a continuación, sen afectar ao resto de subvencións nominativas:

aplicación orzamentaria	Beneficiario	Obxecto/Finalidade	Subv. 2019
-------------------------	--------------	--------------------	------------

338	48900	Comisión Festas Paiosaco	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	2.450,00
338	48900	Asociación Comisión de festas Santa Mariña de Lemaio	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00
338	48900	Asociación Cultural Adro de Vilaño	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	1.750,00
338	48900	Asociación comisión de festas da Laracha	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	8.000,00
338	48900	Xunta parroquial Milagres Santa María Erboedo	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00
338	48900	Asociación de vecinos Santa Rita de Coiro	Gastos derivados da organización e realización dos festexos populares	950,00

**Segundo.-** Establecer un período de información pública por un prazo de 15 días hábiles, mediante a correspondente publicación no BOP aos efectos de que se presenten as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o texto provisional debendo proceder á súa publicación de acordo establecido no artigo 169.3 do TRLRFL.

A Laracha,  
O Alcalde-Presidente”

Rematada a lectura se abre o debate e intervén o voceiro do Grupo Mixto que manifesta que está favor. Igualmente o voceiro do BNG manifesta a súa conformidade co Ditame. Sométese polo tanto éste a votación resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros asistentes

#### **4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA RELATIVO A TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 3/2019**

##### **A secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa**

“A Comisión informativa de facenda, en sesión celebrada o día 27 de maio de 2019, ditaminou favorablemente a seguinte proposta que se copia:

##### **“D JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A LARACHA, EN USO DAS FACULTADES QUE ME ATRIBÚE A LEXISLACIÓN VIXENTE**

Tendo en conta o artigo 179 e 180 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e mesmo a BASE DE EXECUCIÓN 9 e 11 do orzamento do concello de A Laracha para o exercicio 2019, así como as necesidades de crédito xurdidas na execución do orzamento e os requisitos das subvencións concedidas a este concello, sobre todo no caso do IDAE.

Visto o informe da Intervención Municipal.

Visto o disposto no artigo 21 da lei 7/1985 de 2 de abril en relación co artigo 180 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo e a base 11 de execución do orzamento.

##### **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE A LARACHA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (TRF 3-2019), propóndose as seguintes:

##### **APLICACIÓN DAS QUE SE TRANSFIRE.-**

APLICACIÓN	CONSIG. ANTERIOR	TRANSFERENCIA	CONSIG. FINAL
151.12001	15.793,83 €	1.000,00 €	14.793,83 €
151.12100	12.554,52 €	1.000,00 €	11.554,52 €
151.12101	23.717,80 €	1.000,00 €	22.717,80 €
130.13100	55.524,98 €	23.000,00€	32.524,98 €
130.12101	51.720,86 €	12.608,46 €	39.112,40 €
920.12000	30.470,06 €	4.500,00€	25.970,06 €
920.12100	39.051,65 €	2.800,00 €	36.251,65 €
920.12101	64.743,53 €	4.100,00 €	60.643,53 €
920.16000	61.050,00 €	3.600,00 €	57.450,00 €
931.12001	13.396,41 €	8.500,00 €	4.896,41 €
931.12100	34.319,26 €	7.000,00 €	27.319,26 €
931.12101	58.394,33 €	9.000,00 €	49.394,33 €
931.16000	50.875,00 €	8.000,00 €	42.875,00 €
		<b>86.108,46 €</b>	

#### APLICACIONES QUE RECIBEN CRÉDITO.-

APLICACIÓN	CONSIG. ANTERIOR	TRANSFERENCIA	CONSIG. FINAL	FINALIDADE
342.63300	41.275,52 €	10.318,88 €	51.594,40 €	Dotación crédito para os subministros derivados da subvención do IDAE
920.63300	50.653,12 €	12.663,28 €	63.316,40 €	Dotación crédito para os subministros derivados da subvención do IDAE
433.60900	322.000,00 €	63.126,30 €	385.126,30 €	Novo viveiro de empresas
		<b>86.108,46 €</b>		

**Segundo.-** Establecer un período de información pública por un prazo de 15 días hábiles, mediante a correspondente publicación no BOP aos efectos de que se presenten as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o texto provisional debendo proceder á súa publicación de acordo establecido no artigo 169.3 do TRLRFL.

A Laracha.O Alcalde-Presidente”

Rematada a lectura o alcalde explica por qué se leva a cabo esta transferencia xustificando a necesidade de obter crédito para financiamento dos proxectos do IDEA.

O voceiro do Grupo Mixto manifesta que está favor. Igualmente o voceiro do BNG manifesta a súa conformidade co Ditame. Sométese polo tanto éste a votación resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros asistentes

#### 5º.- MOCIONES DE URXENCIA

Explícase por parte do alcalde que se trae como moción de urxencia o seguinte asunto

“A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º apartado a) a posibilidade de conceder unha bonificación do 95% na cota de dito imposto a aquelas obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

María Agripina Alfeirán Rodríguez (NIF 32 765 248 T) en nome e representación do CEIP Alfredo Brañas, presenta o 3 de maio de 2019 e rexistro de entrada nº 2070 comunicación previa para a reposición parcial do valado exterior do CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco, solicitando

simultaneamente a aplicación da bonificación da cota do correspondente imposto de construcións, instalacións e obras.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:

Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada, así como a bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras na porcentaxe que se especifica”.

Sométese en primeiro lugar a urxencia a votación resultando aprobada por unanimidade.  
Aprobada a urxencia, sométese a votación o fondo da moción resultando aprobada por unanimidade.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

O voceiro do BNG formula unha pregunta á alcaldía que di:

Adoptou unha medida o goberno municipal para que se repoña este camino do Lugar de Leboría, na Laracha, que leva ao río Anllóns? De ser así, qué medidas concretas foron aprobadas e cal é a situación actual do proceso?

Contéstalle o alcalde que están esperando a Augas de Galicia para poder recuperar o camiño